


Instrucións do alumnado para proba de acceso.

Accédese á aplicación a través dun navegador web. Na barra de direccións, situada na parte superior da pantalla, introduce o enderezo <http://www.edu.xunta.es/nerta/> e a continuación preme a tecla  na parte superior dereita. Tamén hai un enlace no portal educativo da consellería, na sección “Alumnos”.

No momento da matrícula no centro, xerárase unha solicitude de conta de usuario para poder acceder a nerta, automaticamente. Recibirás na túa conta de correo electrónico o código necesario para activar a conta de usuario e información cos pasos a seguir para completar a activación da conta de usuario solicitada.

Todas as contas de usuario de nerta xestionaranse de maneira independente na aplicación <https://www.edu.xunta.es/contausuario>, nesta aplicación podes activar a conta, cambiar o contrasinal, desbloquear a conta, etc...

Unha vez teñas activada a túa conta, para entrar na aplicación introduce o teu usuario (ueXXXX) e contrasinal, unha vez que te identifies como usuario, aparece o menú da aplicación:

- ▶ En Alumnado visualízanse os teus datos: persoais, académicos dos estudos de acceso e expedientes de probas anteriores.
- ▶ En Proba de acceso - Matrícula visualízanse os teus datos de matrícula : opción, estado da matrícula, tipo de matrícula, número de inscrición, opción de recibir correo electrónico e materias.
- ▶ En Proba de acceso - Cualificacións visualízanse as túas cualificacións na proba: listaxe de cualificacións por materia, cualificacións dos exercicios e cualificación da proba. Tamén podes observar o resultado das reclamacións que realizaches ás cualificacións.
- ▶ En Proba de acceso - Reclamacións podes xerar o impreso de reclamación:
 - ▶ Preme o botón “Engadir”.
 - ▶ Selecciona a materia premendo nela no recadro “Materias” ou cubrindo o campo “Código” no recadro “Engadir reclamación”.
 - ▶ Cubre o tipo de reclamación e as razóns xustificativas da mesma.
 - ▶ Preme o botón “Gravar”
 - ▶ Repite o proceso para cada materia da que queiras reclamar.
 - ▶ Para eliminar a reclamación dunha materia, selecciónaa e preme o botón “Eliminar”.
 - ▶ Xera o impreso de reclamación co botón “Xerar impreso de reclamación”. Imprimeo ou garda o documento pdf.